

NOTA DE PRENSA

Benigno Amor, xerente de Balnearios de Galicia: “Debemos lograr que os tratamentos termais entren na carteira de servizos complementarios do SERGAS”

A Cámara de Comercio de Santiago celebrou esta mañá unha sesión con empresarios gregos

A Asociación Balnearios de Galicia destacou as potencialidades do sector termal galego

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2012 (Vía Láctea Comunicación).- A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Santiago de Compostela recibiu esta mañá a visita dunha nutrida delegación empresarial da Cámara de Comercio da Illa de Evia (Grecia), co fin de coñecer as accións da entidade compostelá en materia de internacionalización, emprendemento empresarial e turismo, así como a oferta do sector termal galego. No salón de actos interviñeron o secretario xeral da Cámara santiaguesa, **Fernando Barros**, o xerente da Asociación de Balnearios de Galicia, **Benigno Amor**, e a técnica cameral de proxectos, **Belén Mendoza**, nunha acción que se enmarca no programa europeo de mobilidade, xestionado polo organismo Moveu Movilidad Europea.

Benigno Amor fixo na súa exposición unha sucinta descrición das instalacións balnearias galegas e do seu uso e ocupación. Teimou en que, a curto prazo, Galicia debe apostar polo termalismo terapéutico, mentres que, a longo prazo, cómpre internacionalizar a oferta galega “aproveitando” a Directiva europea de asistencia sanitaria transfronteiriza, que regula o reembolso dos gastos ocasionados ao recibir tratamento noutro Estado membro. “Supón unha boa oportunidade -segundo sostén **Amor**-, xa que en Alemaña, Francia e Italia os tratamentos en balnearios están incluídos nas prestacións da Seguridade Social”. Non obstante, recoñece que cómpre facer máis investigación en hidroloxía médica e lograr que os tratamentos termais entren na carteira de servizos complementarios do SERGAS.

Amor indicou que o sector “está soportando” a crise grazas aos programas sociais do IMSERSO e ás pontes festivas, e reclamou da Xunta de Galicia que recuperase o “protagonismo perdido” en termalismo social: “Os estudos din que por cada euro público investido a Administración recupera 1,60”. O xerente da asociación balnearia tamén reivindicou conexións aéreas “estables” cara a atraer termalistas nacionais e internacionais. Finalmente, lamentou que a imaxe que se proxecta responde ao modelo xaponés, “que nada ten que ver coa tradición e cultura termal europea na que se encadran os balnearios galegos” -concluíu-.

Como complemento do encontro, a Cámara de Comercio de Santiago colabora na organización de visitas prácticas a balnearios da Asociación durante estes días polas zonas da Coruña, Lugo e Compostela.

Pola súa parte, **Fernando Barros** realizou unha exposición sobre a estrutura da Cámara de Comercio e resumiu os principais servizos que presta ao tecido empresarial da comarca de Santiago e Barbanza, baseados na formación, internacionalización, innovación e creación de empresas e emprendemento a través dun viveiro de empresas. Sobre o sector do turismo, indicou o traballo continuo que fai a entidade cameral nesta materia, “mellorando a súa calidade coa promoción en feiras especializadas ou por medio da Asociación de Cámaras dos Camiños Xacobeos”.

Belén Mendoza falou sobre a cidade como Patrimonio da Humanidade, o turismo e o Camiño de Santiago. “Ésta é unha cidade ideal para camiñar polos seus espazos verdes, á vez que invita a gozar de todos os seus monumentos con recantos cheos de espiritualidade e a grandiosidade da Catedral, todo isto aderezado por unha magnífica gastronomía popular que a converte nun dos destinos turísticos e espirituais máis importantes de España e Europa” -indicou-.

Mendoza desglosou os principais atractivos turísticos de Santiago, onde destacan a excelencia hoteleira e a calidade da oferta cultural. “Os visitantes adoitan destacar a vitalidade da cidade, a autenticidade da experiencia turística e a hospitalidade dos seus cidadáns” –apuntou-. De seguido, a técnica cameral explicou as orixes do Camiño de Santiago e as distintas rutas de peregrinación.

Evia, illa termal do mar Exeo

Evia é unha illa de Grecia, localizada fronte á costa oriental do mar Exeo. É a segunda illa máis grande do país despois de Creta. Conta con dúcias de fontes termais, destacando o balneario de Edipsos, en uso dende hai máis de 20.000 anos e único con augas termais que se atopan baixo a auga do mar, permitindo aos visitantes nadar rodeados por auga quente. Ademais, recentemente, o goberno grego construíu un complexo con 84 baños individuais con hidromasaxe e unha piscina cuberta.

PRENSA Asociación de Balnearios de Galicia

981 554 407 / 639 768 929 www.vialactea.es